

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 7 DE MARZO DE 2016.**

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA XUNTA DE
GOBERNO LOCAL NÚM. 10/2016 DE 1 DE MARZO DE 2016.**

Acordouse aprobar a acta núm. 10/2016 da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 1 de marzo de 2016 e proceder á súa transcrición ao libro de actas.

2.- LICENZA DE OBRA.

2.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA**, para construción dunha planta de almacenamento, clasificación e valorización de residuos de construción e demolición, sita na “Zarra de Nemesio”, polígono 70, parcela 385, Lalín e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 23/02/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por

importe de 720 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

3.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

3.1.- Acordouse a **corrección do erro** material advertido no punto 3.1 do acordo recollido na acta da Xunta de Goberno Local de data 07/12/2015, conforme ao exposto no informe técnico municipal de data 03/03/2016.

4.- COMUNICACIÓN PREVIAS DE OBRAS.

4.1.- Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS**, para a realización dun cerramento de finca en Bailás, 49– Goiás–Lalín e aprobouse a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 04/03/16 por importe de 54,00 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

5.- AUTORIZACIÓN VARIAS.

5.1.- Acordouse **AUTORIZAR O CAMBIO DE UBICACIÓN DE CENTRO PROVISIONAL DE ALMACENAMIENTO** para a execución do proxecto de cambio de gas, combustible GLP por gas natural -Fase IIª- en Lalín, constando no expediente a constitución de aval na Tesourería municipal por importe de 1.500 euros.

6.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

6.1.- Acordouse adxudicarlle o contrato de subministración denominado **“SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN E PINTURA PARA O CONCELLO DE LALÍN,”**, Lote núm. 1: Pinturas, á empresa **DEZA ORCELLÓN, S.L.** e Lote núm. 2: Material de Construcción, á **D. AMADOR GÓMEZ CUIÑA**, por ser as ofertas economicamente máis vantaxosas respecto dos lotes indicados e que cumpren cos requisitos establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prego de Prescricións Técnicas que rexen esta licitación, tal e como se desprende das actas da mesa de contratación dos días 11 e 23 de febreiro de 2016. Acordouse tamén notificarlle o presente acordo aos licitadores, así como aos adxudicatarios, para que procedan a asinar o correspondente contrato.

6.2.- Dáse conta do informe emitido polo Asesor Xurídico da Corporación de data 26 de febreiro de 2016, SOBRE A CAPACIDADE DAS SOCIEDADES CIVÍS PARA CONTRATAR COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS. Esta cuestión suscitouse en relación cos contratos que habitualmente celebra o Concello de Lalín para a prestación dos seus servizos.

7.- CONVENIOS ADMINISTRATIVOS.

7.1.- Acordouse aprobar a addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Lalín para a cesión de espazos no Pazo de Liñares (Lalín), para a creación do Centro de Xestión do Coñecemento Arqueolóxico, convenio asinado o día 6 de setembro de 2013.

8.- EXPEDIENTES DOS TERREOS DO CAR.

8.1.- Acordouse a CORRECCIÓN DA DESCRIPCIÓN DE PARCELAS AFECTADAS Nº 7 E 13 DO EXPEDIENTE “PARCELARIO E VALORACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA CONSTRUCCIÓN DO NOVO COMPLEXO SANITARIO-ASISTENCIAL SG-EQ (Centro de Alta Resolución, Ambulatorio e Punto de Atención Continuada) E DE TERREOS DOTACIONAIS PÚBLICOS COLINDANTES”.

9.- PROXECTO DE COMPENSACIÓN SR-TRIGUEIRIZA.

9.1.- Acordouse desestimar integramente as alegacións formuladas e aprobar de xeito definitivo o PROXECTO DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO DELIMITADO PARA O DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO DO PLANO DE SECTORIZACIÓN S.R.D. “TRIGUEIRIZA” MUNICIPIO DE LALÍN – PONTEVEDRA.

10.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

10.1.- Acordouse a devolución da fianza depositada na Tesourería Municipal polo importe de 1.303,08 €, como garantía para responder da obra de demolición de edificación, sita na rúa Regueiriño, núm. 16, Lalín e a súa cancelación.

10.2.- Acordouse a **devolución da fianza** depositada na Tesourería Municipal polo importe de 1.500,00 €, como garantía para responder da obra de acondicionamento de cuberta na edificación sita na rúa Pintor Laxeiro, núm. 13, Lalín e a súa cancelación.

10.3.- Acordouse a **devolución da fianza** depositada na Tesourería Municipal polo importe de 960,00 €, como garantía para responder da obra de acondicionamento de cuberta na edificación sita na rúa Joaquín Loriga, núm. 17, Lalín e a súa cancelación.

10.4.- Acordouse a **devolución da fianza** depositada na Tesourería Municipal polo importe de 3.300,00 €, como garantía para responder da obra de conservación e mantemento da fachada na edificación sita na rúa Ramón Aller, núm. 1, Lalín e a súa cancelación.

11. - PROPOSTAS DOS SRES. CONCELEIROS DELEGADOS.

11.1. Acordouse recoñecer a obriga derivada do outorgamento dos premios **DO CONCURSO DE CARROZAS DA XLVIIIª EDICIÓN DA FEIRA DO COCIDO.**

11.2.- Acordouse a **concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 04/2016.**

11.3.- Acordouse **aprobar a concesión dos premios segundo as Bases da Convocatoria do Xº Premio á Muller Empresaria 2016 “Dona. Maruja Gutiérrez”** (BOP nº 13 de 21/01/2016), e a notificación ás persoas premiadas.

11.4.- Acordouse o recoñecemento extraxudicial das facturas da **relación nº 00030**, por un **importe total de 4.924,66 €.**

11.5.- Acordouse **aprobar a concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos derivados do alugueiro de vivenda á persoa solicitante, por importe de 180 €.

12.- CORRECCIÓN DE ERROS ADMINISTRATIVOS.

12.1.- Acordouse a **corrección do erro** padecido no punto 8.1. -expedientes de contratación- do acordo adoptado na acta da sesión celebrada

pola Xunta de Goberno Local o día 15 de febreiro de 2016.

12.2.- Acordouse a **corrección do erro** padecido no punto 8.1. -certificacións de obras- do acordo recollido na acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 25 de febreiro de 2016.

13.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

13.1.- Acordouse **autorizar a parada** na rúa denominada actualmente como Avenida de Cruces (anteriormente denominada rúa Corredoira), que figura como lugar de parada no título concesional do que é titular **TRANSPORTES MOSQUERA S.L.**

13.2.- Acordouse **autorizar a transmisión da licenza de taxi nº 20** do Concello de Lalín, e remitir copia do expediente e do informe técnico ao Servizo de Mobilidade da Xefatura Provincial da Consellería de Medioambiente, Territorio e Infraestruturas aos efectos de que emitan informe sobre a procedencia da transmisión da autorización interurbana de taxi.

13.3.- Acordouse conceder **autorización municipal** para facer unhas fotos o día 2 de abril de 2016 a 1:40 horas no Pazo de Liñares, Prado, Lalín.

13.4.- Acordouse o **reintegro da cantidade** de 332,32 € a un dos traballadores do Concello de Lalín, abonada por el, para a realización dun curso de Deseño 3d Cinema 4D de data 26 de febreiro de 2016.

13.5.- Acordouse conceder **autorización municipal** para a utilización do salón teatro, auditorio, Aula Cemit e dúas aulas do Conservatorio, para o desenrolo da 1ª xornada de protección civil e emerxencias prevista para o vindeiro 7 de maio de 2016.
